

Capa Negra

por Antón Cortizas

Non te achegues demasiado á costa —díxalle a nai arroaz a Numo, o seu fillo máis novo—. Por alí vaguea un monstro moi feroz que se chama Capa Negra, e que leva ás criaturas metidas nun saco negro e entapecido como unha noite de carbón.

—Oh, nai, non te preocupes. Nós brincamos na alta mar, sempre moi lonxe das praias e dos rochedos.

A nai de Numo miraba para o seu fillo con esa ollada propia dos arroaces, que semella que se lles escapa un regachiño de océano polo rabiño dos ollos. Era mentira, non existía ningún Capa Negra. Pero a costa estíbese convertendo en territorio humano. Segundo un se aproximaba a ela, a presenza dos pescadores facíase máis palpable; e, anque os humanos non adoitaban cazar golfinhos, os motores dos seus barcos, as súas redes, os seus anzois, sempre podían resultar perigosos para un golfinho novo e inexperto.

Numo era un golfinho *escachaondas*, isto é, moi brincallón e aventureiro. Gostáballe nadar pola tona do mar e facer cabriolas imitando ás vagas, involucrándose en si mesmo coma unha caricola. Cando anoitecía, disfrutaba enormemente brincando entre os reflexos de sol que tremelucían na superficie do mar sempre inquedo. Numo era feliz no aparente silencio da espesa humidade oceánica e no espello sutil de ar e escumas, dende o que observaba sempre a lúa cambiante e misteriosa.

Un día, mentres Numo e os seus amigos brincaban no medio do mar, Raso, o máis vello deles, propuxo:

—¿Por que non imos ata a costa?

—É perigoso ir aló —asegurou Numo—, porque é onde vive Capa Negra.

—¡Vaites! ¿Non me digas que aínda cres nesas historias? —burlouse Raso— Capa Negra non existe. É só un invento dos maiores para que non nos alonxemos deles.

Outros compañeiros aseguraron o mesmo. Como todos estaban sedentos de emocións, convecéronse de que Capa Negra era unha patraña. Así que, aceptaron a suxerencia de Raso e decidiron coñecer aquel lugar onde as ondas batían contra as rochas, pois tiñan oído que era dunha fermosura incomparable. Fóronse cando a lúa asomaba pola raia dos espellos sen imaxe, que é como lle chaman ó horizonte os habitantes do mar. Querían brincar sobre as ondas que se ensortillaban na area da praia, e mergullárense entre o coral de escumas das rompentes. E querían ver, baixo o lourido luar, as sombras das costas duras de pedra e o zunido das árbores a falaren co mar.

Consonte se aproximaban á costa prohibida, a lúa ocutábase tralas abondosas nubes que deixaban caer as súas cortinas de auga sobre o propio mar de onde saíran quen sabe canto tempo atrás.

A noite estaba furada polo vento e o mar sacudíase como se sacude un can ó saír da auga. Despois de nada-

ren e nadaren, escoitaron uns rechouchíos cada vez máis abrouxadores. Eran estridentes e estarrecedores. Eran estridentes e estarrecedores. Numo e os seus compañeiros recoñeceron entre as sombras unha bandada de gaivotas que voaban a escape como se fuxisen dalgo. A pesar de que a escurza era imponente, eles seguían adiante. Estaban metidos na aventura e non quixeron recuar. Máis tarde escoitaron un terrible estourido e os xaravais de peixes de tódalas especies cruzábanse con eles nunha fuxida entolecida.

—¡Capa Negra! ¡Está aí Capa Negra! Escapade ou morreredes —berraban todos ó cruzárense cos xoves arroaces.

—Capa Negra non existe —respondían cantando Numo e os seus. E ríanse dos medorentos peixes que fuxían.

Seguían avante cando unha vella robaliza os advertiu:

—Eh, arroaces, fuxide, que na costa está Capa Negra, estendendo o seu terrible manto e matando todo o que pillá ó seu paso.

—A estas alturas con esas. Ben sabemos que Capa Negra é unha invención vosa para que non vaíamos á costa —dixo Raso.

—Iso pensei eu toda a miña vida —respostou a robaliza, cun terror no rostro que lle dificultaba a respiración—. Si, todos criamos que Capa Negra era unha lenda; pero hoxe puiden comprobar que existe de verdade, porque acabo de velo.

As palabras da robaliza eran tan se-



PABLO NÚÑEZ.

guras e convincentes que os arroaces comezaron a dudar.

—¿E como é? —preguntou Raso tateando.

—É un polbo xigantesco, máis grande que a máis grande das baleas. Eu estaba moi preto del. Bruaba con arquexos roucos e fondos de rabia. E coa rabia empezou a deitar unha nube de tinta espesa e negra coma o acibeche, coa que está a tinxir todo o mar. Onde el está cheira a abismo e a melancolía —dixo a robaliza proseguindo a fuga sen máis.

As súas palabras estaban tan cargadas de verdade que Raso e os máis pillaron medo e decidiron regresar. Deron media volta e seguiron detrás da robaliza que se perdía en dirección ó horizonte. Pero Numo non, Numo ardía en curiosidade e seguiu adiante.

—Voume achegar un pouquiritiño máis —dixo—. Quero ver de cerca a Capa Negra. Logo vou canda vós.

Non escoitou as palabras que lle aconsellaban que regresase. Todos fuxían do que parecía ser un inferno; pero Numo non.

A noite era carbón, e só de cando en vez se dexergaba unha raiola de luz esmorecida que procedía dun farol que se adiviñaba na lonxanía. Xa estaba moi preto da costa cando Numo sentiu o cheiro que a robaliza lle explicara. Era verdade que cheiraba a abismo e a tristura. Pero Numo seguía adiante sen saber por que. As súas arelas eran máis grandes aínda que a inmensidade do mar, e o propio océano facíasele pequeno. Numo estaba cego, cego de curiosidade, cego de aventura.

Nadaba sobre a tona do mar coma unha media lúa de auga que cosía as ondas que salferían sen cesar. E seguía adiante a pesar de que o cheiro de Capa Negra era cada vez máis intenso. Numo nadaba á fronte como durmido, semellaba un arroaz mecánico ó que non se lle acababa a corda. Entón, algo sentiu sobre a súa pel: unha friaxe aceitosa que non era a friaxe do océano. Pinchou no ar unha vez máis e ó mergullarse de novo sentiu un arrepío que nunca antes sentira. Deulle a sensación de que se mergullaba

na mesma boca da noite, deulle a sensación de que se mergullaba nun mar de negrura. Sentiu medo, pero xa era demasiado tarde, non podía recuar. O seu corpo esotaba recuberto de noite. Éralle difícil nadar, as súas aletas a penas se podían mover. Os seus ollos tapáronse cunha cegueira graxenta. A tona do mar volvérase mesta coma a area e negra coma os abismos. Foi entón cando Numo se decatou de que se atopaba mesmo nos brazos de Capa Negra.

As nubes racháronse e deixaron pasar as prateadas olladas da lúa, que rebotaban na superficie do mar cuns reflexos negros, tristes e aceitosos. Unha nube repentina deixou caer unhas bágoas de choiva sobre un pequeno vulto que flotaba á deriva. E dalí, dirixíndose cara á lúa, saíu un raio fino, cincinto e torto coma as ondas do mar. Era Numo que aboiaba boca arriba no colo angurioso de Capa Negra.

—No te acerques demasiado a la costa —le decía mamá del fin a Numo, su hijo más pequeño—. Merodea por allí un monstruo muy feroz que se llama Capa Negra, y que se lleva a las crías metidas en un saco negro y tupido como una noche de carbón.

—Oh, mamá, no te preocupes. Nosotros siempre jugamos en alta mar, muy lejos de las playas y las rocas.

La madre de Numo miraba a su hijo con esa mirada propia de los delfines, que parece que se les escapa un pedacito de océano por el rabo del ojo. Era mentira, no existía ningún Capa Negra. Pero la costa se estaba convirtiendo en territorio humano. Según se aproximaba uno a ella, la presencia de los pescadores se hacía más palpable; y aunque los humanos no acostumbraban a cazar delfines, los motores de sus barcos, sus redes, sus anzuelos, podían resultar peligrosos para un delfín joven e inexperto.

Numo era un delfín *rompeolas*, esto es, muy juguetón y aventurero. Le gustaba nadar por la superficie del mar y hacer cabriolas imitando a las olas, retorciéndose como una caracola. Al anochecer disfrutaba enormemente saltando entre los reflejos de sol que rieaban en la superficie del mar siempre inquieto. Numo era feliz en el aparente silencio de la espesa humedad oceánica y en el sutil espejo de aire y espumas, desde donde observaba siempre la luna cambiante y misteriosa.

Un día, mientras Numo y sus amigos jugaban en el medio del mar, Raso, el más mayor de ellos, propuso:

—¿Por qué no vamos a la costa?

—Es muy peligroso ir allí —aseguró Numo—, porque es donde vive Capa Negra.

—¡Vaya! ¿No me digas que aún crees en esas historias? —se burló Raso—. Capa Negra no existe. Es una invención de los mayores para que no nos alejemos de ellos.

Otros compañeros aseguraron esto mismo. Como todos estaban sedientos de emociones, se convencieron de que Capa Negra era una patraña. Así que aceptaron la sugerencia de Raso y decidieron conocer aquel lugar donde las olas golpean contra las rocas, pues habían oído que era de una hermosura incomparable. Se fueron cuando la luna se asomaba tras la raya de los espe-

jos sin imagen, que es como llaman al horizonte los habitantes del mar. Querían brincar sobre las olas que se ensortijaban en la arena de la playa, y sumergirse entre el coral de espumas de las rompientes. Y querían ver, bajo el pálido lunar, las sombras de las costas duras de piedra y el susurro de los árboles cuando hablaban con el mar.

Según se aproximaban a la costa prohibida, la luna se ocultaba detrás de las abundantes nubes que desprendían sus cortinas de agua sobre el propio mar de donde salieran quién sabe cuánto tiempo atrás.

La noche estaba agujereada por el viento, y el mar se sacudía como se sacude un perro al salir del agua. Después de nadar y nadar, escucharon unos gorjeos cada vez más ensordecedores. Eran estridentes y estremecedores. Numo y sus compañeros reconocieron entre las sombras una bandada de gaviotas que volaban escapando de algo. A pesar de que la oscuridad era imponente, ellos seguían adelante. Estaban metidos en la aventura y no quisieron retroceder. Más tarde escucharon un terrible estallido y los bancos de peces de todas las especies se cruzaban con ellos en una huida enloquecida.

—¡Capa Negra! ¡Está ahí Capa Negra! Escapad, o moriréis —gritaban todos al cruzarse con los jóvenes delfines.

—Capa Negra no existe —respondían cantando Numo y los suyos. Y se reían de los miedosos peces que huían.

Seguían adelante cuando una vieja lubina les avisó:

—Eh, delfines, huid, que en la costa está Capa Negra extendiendo su terrible manto y matando todo lo que pilla por delante.

—A estas alturas con esas. Ya sabemos que Capa Negra es una invención vuestra para que no vayamos a la costa —dijo Raso—.

—Eso pensé yo toda mi vida —respondió la lubina con un terror en el rostro que le dificultaba la respiración—. Sí, todos creíamos que Capa Negra era una leyenda; pero hoy he podido comprobar que existe de verdad, porque acabo de verlo.

Las palabras de la lubina eran tan seguras y convincentes, que los delfines empezaron a dudar.

—¿Cómo es? —preguntó Raso tartamudeando.

—Es un pulpo gigantesco, más grande que la más grande de las ballenas. Yo estaba muy cerca de él. Bramaba con jadeos roncós y llenos de rabia. Y con la rabia empezó a echar una nube de tinta espesa y negra como el azabache, con la que está tiñendo todo el mar. Donde está él, huele a abismo y a melancolía —dijo la lubina reanudando la fuga sin más.

Sus palabras estaban tan cargadas de verdad que Raso y los demás cogieron miedo y siguieron detrás de la lubina que se perdía en dirección al horizonte. Pero Numo no, Numo ardía en curiosidad y siguió adelante.

—Me voy a acercar un poquito más —dijo—. Quiero ver

de cerca a Capa Negra. Después voy con vosotros.

No escuchó las palabras que le aconsejaban regresar. Todos huían de lo que parecía ser un infierno; pero Numo no.

La noche era carbón, y sólo de vez en cuando se divisaba un rayo de luz mortecina que procedía de un faro que se adivinaba en la lejanía. Ya estaba muy cerca de la costa cuando Numo notó el olor que la lubina le había explicado. Era verdad que olía a abismo y a tristeza. Pero Numo seguía adelante sin saber por qué. Sus ansias eran más grandes todavía que la inmensidad del mar, y el mismo océano se le hacía pequeño. Numo estaba ciego, ciego de curiosidad, ciego de aventura.

Nadaba sobre la superficie del mar como una media luna de agua que cosía las olas que salpicaban sin cesar. Y seguía adelante a pesar de que el olor de Capa Negra era cada vez más intenso. Numo nadaba hacia delante como dormido, parecía un delfín mecánico al que no se le acababa la cuerda. Entonces, notó algo en su piel: una frialdad aceitosa que no era la frialdad del océano. Pinchó en el aire una vez más, y al sumergirse de nuevo sintió un estremecimiento que nunca antes había sentido. Tuvo la sensación de que se sumergía en la misma boca de la noche, tuvo la sensación de que se sumergía en un mar de negrura. Sintió miedo, pero ya era demasiado tarde, no podía retroceder. Su cuerpo estaba recubierto de noche. Le resultaba difícil nadar, sus aletas apenas se podían mover. Sus ojos se taparon con una ceguera grisienta. La superficie del mar se había vuelto espesa como la arena y negra como los abismos. Fue entonces cuando Numo se dio cuenta de que se encontraba en los brazos de Capa Negra.

Las nubes se rasgaron y dejaron pasar las plateadas miradas de la luna, que rebotaban en la superficie del mar con unos reflejos negros, tristes y aceitosos. Una nube repentina dejó caer unas lágrimas de lluvia sobre un pequeño bulto que flotaba a la deriva. Y de allí, en dirección a la luna, salió un rayo fino, grisáceo y retorcido como las olas del mar. Era Numo que flotaba boca arriba en el regazo angustioso de Capa Negra.

Capa Negra

por Antón Cortizas